

**materia**

Dereito Penal I (Parte Xeral)

unidade didáctica **19**

## **A extinción da responsabilidade criminal**

Natalia Pérez Rivas, Fernando Vázquez-Portomeñe Seijas

e Gumersindo Guinarte Cabada

Departamento de Dereito Público Especial

Facultade de Dereito



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,  
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA





unidade didáctica 19

# **A extinción da responsabilidade criminal**

Natalia Pérez Rivas, Fernando Vázquez-Portomeñe Seijas  
e Gumersindo Guinarte Cabada  
Departamento de Dereito Público Especial  
Facultade de Dereito



Copyright © Universidade de Santiago de Compostela, 2012

**Deseño**

Unidixital

**Edita**

Vicerreitoría de Estudantes,  
Cultura e Formación Continua  
da Universidade de Santiago de Compostela  
Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

**Imprime**

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da  
Universidade de Santiago de Compostela

**Dep. Legal:** C 1133-2012

**ISBN** 978-84-9887-890-5

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.  
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta  
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-  
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen  
consentimento expreso por escrito dos editores.

**MATERIA: Dereito Penal I (Parte Xeral)**  
**TITULACIÓN: Grao en Dereito**  
PROGRAMA XERAL DO CURSO  
Localización da presente unidade didáctica

## **INTRODUCCIÓN**

### **1. Concepto de Dereito penal**

- I. Concepto e caracteres do Dereito penal.
- II. Natureza.
- III. Relacións do Dereito penal: A) Coas ciencias xurídicas, B) Coas ciencias criminolóxicas, C) As chamadas ciencias auxiliares do Dereito penal.

### **2. As Fontes do Dereito penal**

- I. A lei.
- II. O principio de legalidade.
- III. Posibilidade de admitir outras fontes.
- IV. A interpretación da lei penal: A) Clases e regras de interpretación. B) A analoxía. C) Concurso aparente de normas penais.

### **3. A Lei penal no tempo**

- I. Eficacia temporal das leis penais.
- II O principio xeral: irretroactividade da lei penal.
- III. A excepción: retroactividade da lei penal máis favorable.

### **4. A Lei penal no espazo**

- I. Principios reguladores.
- II. Lugar de comisión do delito.
- III. A extradición. A orde europea de detención e entrega.

## **TEORÍA XURÍDICA DO DELITO**

### **5. O delito**

- I. Concepto do delito.
- II. Suxeitos e obxectos do delito: A) Suxeito activo e pasivo. B) Obxecto material e xurídico.
- III. Clasificacións do delito.

### **6. A acción**

- I. Formas da acción: acción en sentido estrito e omisión.
- II. As diversas concepcións da teoría da acción.
- III. A acción e os seus elementos.
- IV. A omisión: concepto e natureza.
- V. As clases de omisión: A) A omisión simple. B) A comisión por omisión.
- VI. Ausencia de acción: A) Movements reflexos. B) Estados de plena inconsciencia. C) Forza irresistible.

### **7. Atipicidade e a antixuridicidade**

- I. A tipicidade: A) Concepto. B) Elementos. C) Funcións do tipo.
- II. Ausencia de tipicidade.
- III. A antixuridicidade: Concepto. Os elementos subxectivos do inxusto.

IV. Ausencia de antixuridicidade: A) Lexítima defensa. B) Estado de necesidade. C) Cumprimento dun deber e exercicio lexítimo dun dereito, oficio ou cargo. D) O consentimento do ofendido.

### **8. A culpabilidade**

I. Concepto e estrutura.

II. Natureza: as distintas teorías.

III. A imputabilidade: Concepto. Momento da imputabilidade: "actiones liberae in causa".

IV. Ausencia de imputabilidade: A) Anomalía ou alteración psíquica. Trastorno mental transitorio. B) Intoxicación plena por bebidas alcohólicas ou drogas. Síndrome de abstinencia. C) Alteración grave da conciencia da realidade. V. A responsabilidade penal do menor.

### **9. A culpabilidade (continuación).**

VI. As formas de culpabilidade: A) O dolo: Concepto. Elementos. Clases. B) A culpa: Concepto e clases.

VII. Ausencia de formas de culpabilidade: o erro.

VIII. A esixibilidade de conduta adecuada á norma: a súa significación xurídico-penal.

IX. Ausencia de esixibilidade. Causas de inculpabilidade baseadas no principio de non esixibilidade: A) Estado de necesidade subxectivo. B) Medo insuperable.

### **10. A Punibilidade**

I. Significación dogmática da punibilidade.

II. As condicións obxectivas de punibilidade.

III. Ausencia de punibilidade: As escusas absolutorias.

### **11. O "iter criminis"**

I. Actos internos.

II. Actos preparatorios: A) Tipos construídos especificamente sobre actos preparatorios. B) Conspiración, proposición e provocación para delinquir.

III. Actos de execución: a tentativa.

IV. A consumación.

### **12. A participación no delito**

I. Autoría: autoría directa, coautoría e autoría mediata.

II. As formas de participación: indución, cooperación necesaria e complicidade.

III. Supostos especiais.

### **13. Unidade e pluralidade de delitos**

I. Pluralidade de accións e unidade de delito: A) Delito continuado. B) Delito permanente. C) Delito habitual.

II. Pluralidade de accións e de delitos (concurso real).

III. Unidade de acción e pluralidade de delitos (concurso ideal).

### **14. As circunstancias que modifican a responsabilidade criminal**

I. Cuestións comúns ás circunstancias atenuantes e agravantes.

II. Atenuantes: A) Eximentes incompletas. B) Atenuantes xenéricas. C) Atenuantes por analoxía.

III. Agravantes.

IV. A circunstancia mixta.

## **AS CONSECUENCIAS XURÍDICAS DO DELITO**

### **15. A pena**

- I. Concepto.
- II. Fundamento e fins: as diversas teorías.
- III. A clasificación das penas no Código penal.

### **16. As penas privativas de liberdade**

- I. Clases e cumprimento: prisión, localización permanente e responsabilidade persoal subsidiaria.
- II. Formas substitutivas da execución das penas privativas de liberdade: A) Suspensión da súa execución. B) A súa substitución por outras penas.

### **17. As penas privativas de dereitos**

- I. Concepto e clases.

### **A pena de multa**

- I. Multa proporcional e sistema de días-multa.

### **Consecuencias accesorias**

- I. Especial referencia ao comiso.

### **18. A determinación da pena**

- I. Individualización legal, xudicial e administrativa.
- II. A determinación da pena no Código penal: A) A metade superior e inferior. A pena superior e inferior en grao. B) Regras para a determinación da pena: a) O grao de execución. b) A forma de participación. c) A concorrencia de circunstancias modificativas. d) O concurso de delitos. e) Supostos especiais.

### **19. A extinción da responsabilidade criminal**

- I. Causas.
- II. Cancelación de antecedentes penais.

### **20. A responsabilidade civil e as custas procesuais**

- I. A responsabilidade civil nacida de delito ou falta: A) Contido. B) Persoas civilmente responsables.
- II. As custas procesuais.
- III. Cumprimento da responsabilidade civil.

### **21. As medidas de seguridade**

- I. Concepto. Fundamento. Clases.
- II. Penas e medidas de seguridade. III. As medidas de seguridade na lexislación española.



## ÍNDICE

---

<b>Presentación</b> .....	9
<b>Os obxectivos</b> .....	9
<b>A metodoloxía</b> .....	10
<b>Os contidos</b> .....	10
1. Introducción: a extinción da responsabilidade criminal.....	10
1.1. Causas de extinción da responsabilidade criminal.....	11
1.1.1. A morte do reo .....	11
1.1.2. O cumprimento da condena .....	11
1.1.3. A Remisión definitiva da pena.....	11
1.1.4. O indulto .....	11
1.1.5. O perdón do ofendido.....	13
1.1.6. A prescrición.....	14
1.1.6.1. A Prescrición do delito ou falta.....	14
1.1.6.2. A prescrición da pena ou da medida de seguridade .....	16
2. A cancelación de antecedentes penais .....	17
2.1. Os requisitos para a cancelación dos antecedentes penais .....	18
2.2. A cancelación das anotacións das medidas de seguridade .....	19
<b>Actividades propostas</b> .....	20
<b>Avaliación</b> .....	20
<b>Bibliografía</b> .....	21



## **PRESENTACIÓN**

---

A presente unidade didáctica titulada «A extinción da responsabilidade criminal» concentra os coñecementos básicos sobre unha lección da materia «Dereito Penal Xeral», impartida no segundo curso do Grado de Dereito. A súa duración será de cinco horas, das cales, unha hora será expositiva, dúas horas interactivas e dúas horas de traballo persoal.

A comisión dun feito punible, entendendo por tal un feito tipicamente antixurídico e persoalmente imputable no que non concorra ningunha causa de exclusión da punibilidade, da lugar ao xurdimento tanto de responsabilidades penais como civís. A extinción das responsabilidades penais, que non supón automaticamente a paralela extinción da responsabilidade civil, terá lugar, exclusivamente, pola concorrencia dalgunha das causas enumeradas no artigo 130 do Código Penal (en adiante CP), a saber: a morte do reo, o cumprimento da condena, a remisión definitiva da pena, o indulto, o perdón do ofendido, a prescrición do delito e a prescrición da pena. O ditado dunha sentenza condenatoria, ademais de impor unha ou varias penas principais ou accesorias, tamén produce outros efectos non previstos expresamente nela. Estes efectos, que perduran durante un determinado tempo ata despois de cumprida a pena ou extinguida doutra forma a responsabilidade criminal, son manifestacións dos antecedentes penais que, trala sentenza firme, son inscritos no Rexistro Central de Penados e Rebeldes. Pois ben, para poder cancelar os antecedentes penais e todos estes efectos, o artigo 136 CP establece un presuposto, un procedemento e uns requisitos. Ao estudo destas cuestións adicarase a presente unidade didáctica.

## **OS OBXECTIVOS**

---

Ao rematar esta unidade didáctica o alumnado será capaz de:

- Dominar as circunstancias que dan lugar a extinción da responsabilidade criminal.
- Identificar os principais problemas prácticos que plantexan as distintas circunstancias de extinción da responsabilidade criminal así como as solución achegadas tanto doutrinal como xurisprudencialmente.
- Coñecer o presuposto, os requisitos e o procedemento para a cancelación da anotación rexistral dos antecedentes penais.
- Debater sobre as distintas repercusións que se derivan da institución dos antecedentes penais, en tanto que obstáculo para a efectiva reintegración social dos ofensores.
- Manexar con destreza os textos legais, a xurisprudencia, as monografías e as revistas científicas como ferramentas de información que faciliten a resolución das dúbidas.

## **OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

---

O método que se empregará para alcanzar eses obxectivos será, principalmente, o expositivo. Ao longo de dúas horas, seguindo o modelo da clase maxistral, desenvolverase o contido teórico xeral das distintas circunstancias así como o presuposto, os requisitos e o procedemento para a cancelación rexistral dos antecedentes penais. Non obstante, o cambio de paradigma educativo que supuxo a adaptación ao Espazo de Educación Superior Europeo esixe a reformulación da función docente e a reorientación da aprendizaxe dos estudantes, que pasan de ser meros receptores pasivos de información a converterse nos protagonistas da súa formación. Neste senso, a metodoloxía clásica de ensino-aprendizaxe será complementada coa aprendizaxe baseada en casos prácticos.

## **OS CONTIDOS BÁSICOS**

---

### **1. Introducción: a extinción da responsabilidade criminal**

O Título VII do Libro I do CP contempla as regras que rexen a extinción da responsabilidade criminal e os efectos que desta se derivan. A rúbrica que encabeza este Título VII non é de todo acertada por dúas razóns. En primeiro lugar, porque non ten sentido falar de extinción da responsabilidade criminal cando o suxeito que se lle impuxo unha medida de seguridade pode estar exento desta, de conformidade co disposto no artigo 20 CP in fine. En segundo lugar, porque no seu contido non se fai referencia propiamente aos efectos que a extinción da responsabilidade criminal produce, senón a un non-efecto como é a cancelación rexistral dos antecedentes penais.

Responsable criminal é aquela persoa que cometeu un feito punible. É nese preciso momento, e non cando se dita sentenza condenatoria, cando xorde a responsabilidade criminal. Outra interpretación non é posible se temos en conta que, como veremos a continuación, son consignadas como causas de extinción da responsabilidade criminal o perdón do ofendido e a prescrición do delito e da falta, circunstancias extintivas que só poden operar antes da condena.

As causas de extinción da responsabilidade criminal son aquelas que sobreveñen unha vez cometido o feito punible. Non poden confundirse, por tanto, coas causas eximentes de responsabilidade penal. Estas últimas impiden a existencia dun elemento esencial do concepto de delito e, en consecuencia, da responsabilidade penal mesma.

## **1.1. Causas de extinción da responsabilidade criminal**

A responsabilidade criminal extínguese, segundo o disposto no artigo 130 CP, pola morte do reo, o cumprimento da condena, a remisión definitiva da pena, o indulto, o perdón do ofendido, a prescrición do delito ou da falta e a prescrición da pena ou da medida de seguridade. Algunhas destas causas de extinción presupoñen a imposición da pena –o cumprimento da condena, a remisión definitiva da pena e a prescrición da pena ou medida de seguridade–; outras só poden operar antes do ditado da sentenza condenatoria –a prescrición do delito ou da falta e o perdón do ofendido–; e, finalmente, outras poden concorrer tanto antes como despois desta –a morte do reo e o indulto–.

### **1.1.1. A morte do reo**

A morte do reo é a primeira das causas de extinción da responsabilidade criminal previstas no precitado artigo. O seu fundamento áchase no principio de personalidade das penas que rexe no noso dereito penal. En virtude deste, a sanción penal só pode ser cumprida por aquel a quen lle foi imposta. A morte do reo non extingue, non obstante, a súa responsabilidade civil que, ao serlle transmisíbel aos seus herdeiros, poderá serlles esixida pola vía do civil.

### **1.1.2. O cumprimento da condena**

O cumprimento da condena é a causa máis frecuente de extinción da responsabilidade criminal. O dereito do Estado a exercer o seu *ius puniendi* queda extinguido unha vez satisfeitas as consecuencias penais derivadas da infracción cometida. A expresión «cumprimento da condena» enténdese referida á condena penal en sentido amplo, isto é, tanto a pena imposta coma pena substitutiva. Non quedan englobados nesta expresión nin a responsabilidade civil nin as costas procesuais.

### **1.1.3. A remisión definitiva da pena**

A mención expresa desta causa de extinción foi introducida pola Lei orgánica 15/2003, plasmándose lexislativamente o que xa doutrinalmente era considerada como unha causa máis de extinción. De conformidade co disposto nos artigos 85.2 e 87.5 CP, só unha vez transcorrido o prazo de suspensión fixada sen delinquir e cumpridas, no seu caso, as regras de conduta ou obrigacións fixadas polo órgano xudicial, este ordenará a remisión definitiva da pena.

### **1.1.4. O indulto**

O indulto representa a única manifestación do chamado dereito de graza, ao que se refire o artigo 62.i) da Constitución Española (en adiante

CE). Trátase dunha graza outorgada polo xefe do Estado aos condenados por sentenza firme condonándolles a pena na súa totalidade –indulto total–, parcialmente –indulto parcial– ou conmutándoa por outra de menor gravidade. O seu efecto non se estende nin á responsabilidade civil nin ás costas procesuais.

O indulto, que podemos adxectivar como particular por afectar a unha persoa determinada, atópase regulado na Lei de 18 de xuño de 1870, pola que se establecen as regras para o exercicio da Graza do Indulto (en adiante LI), modificada polo Decreto do 22 de abril de 1938 e a Lei do 14 de xaneiro de 1988, e complementada mediante unha Orde de 10 de setembro de 1993 sobre a tramitación das solicitudes de indulto.

A súa concesión pode ser solicitada polo penado, os seus parentes ou calquera outra persoa no seu nome. Igualmente, de conformidade co artigo 4.3 CP, o órgano xudicial pode solicitalo cando da rigorosa aplicación da lei resulte penada unha acción ou unha omisión que, ao seu parecer, non debería selo, ou cando a pena sexa notablemente excesiva, atendendo ao mal causado pola infracción e ás circunstancias persoais do reo. O artigo 206 do Regulamento Penitenciario tamén faculta á xunta de tratamento, logo da proposta do Equipo Técnico, para solicitar ao xuíz de vixilancia penitenciaria a tramitación do devandito indulto. Para iso é necesario que concorran no penado, de modo continuado durante un tempo mínimo de dous anos e nun grao que se poida cualificar de extraordinario, as seguintes circunstancias: a) boa conduta; b) desempeño dunha actividade laboral normal, ben no establecemento penitenciario ben no exterior, que se poida considerar útil para a súa preparación para a vida laboral; e, c) participación nas actividades de reeducación e reinserción social. Finalmente, o Goberno, de oficio, pode iniciar o procedemento de concesión do indulto.

O indulto pode concederse para toda clase de delitos, previstos tanto no CP coma na lexislación especial. Non obstante, o artigo 2 LI dispón que non se poderá outorgar: a) aos procesados criminalmente que non fose aínda condenados por sentenza firme; b) aos que non estiveren a disposición do tribunal sentenzador para o cumprimento da condena; c) aos reincidentes neste ou en calquera outro delito polo cal fosen condenados por sentenza firme; d) ao presidente e demais membros do goberno (artigo 102.3 CE). As tres primeiras excepcións poden ser, a súa vez, exceptuadas se, a xuízo do tribunal sentenzador, houbese razóns dabondo de xustiza, equidade ou conveniencia pública para outorgarlle a graza.

Requisitos indispensables para a concesión de todo indulto son (artigo 15 LI): a) que non cause prexuízo a terceira persoa ou manque os seus dereitos; b) que fose oída a parte ofendida, cando o delito polo que fose condenado o reo fose dos que soamente se perseguen a instancia de parte.

Unha vez solicitado o indulto ou incoado o procedemento de oficio polo Goberno, tramitábase o correspondente expediente polo Ministerio de Xustiza. A través deste pídese informe ao tribunal sentenzador e outórgaselle audiencia á parte ofendida se a condena é resultado da comisión dunha infracción penal que só sexa perseguible a instancia do agraviado.

A facultade para a súa concesión compete exclusivamente ao rei. O seu outorgamento farase mediante Real Decreto que se publicará no Boletín Oficial do Estado, trala deliberación do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Xustiza. Neste Real Decreto determinarase o alcance e as condicións a impoñer ao indultado. A motivación do indulto non é fiscalizable por parte dos órganos xurisdicionais.

A súa solicitude é causa de suspensión da execución da pena (artigo 4.4 CP).

O indulto da pena principal comporta, por regra xeral, a remisión automática das penas accesorias –coa excepción das de inhabilitación para cargos públicos e dereitos políticos que haberán de ser expresamente mencionadas–, pero non abrangue nin á responsabilidade civil nin ás costas procesuais (artigos 6 e 9 LI). Poderá concederse o indulto das penas accesorias, con exclusión das principais e viceversa, a non ser aquelas que sexan inseparables pola súa natureza e efectos (artigo 7 LI).

No caso de que recaia sobre unha pena de multa –e, a non ser que expresamente así se determine, eximirá ao indultado do pagamento da cantidade aínda non satisfeita, pero non abranguerá a devolución do xa pagado (artigo 8 LI).

### **1.1.5. O perdón do ofendido**

O número quinto do artigo 130 CP dispón que a responsabilidade criminal extinguirase polo perdón do ofendido, se ben, unicamente, naqueles casos nos que a lei así o teña previsto expresamente. Co decorrer do tempo, o ámbito de aplicación desta causa de extinción foise facendo cada vez máis restrinxido, circunscribíndose na actualidade ás seguintes infraccións penais: os delitos de descubrimento e revelación de segredos (artigo 201.3 CP), os delitos contra a honra (artigo 215.3 CP), os delitos de danos causados por imprudencia grave en contía superior a 80.000 € (artigo 267 CP) e as faltas perseguibles a instancia de parte (artigo 639 CP).

Son supostos nos que o titular do ben xurídico protexido por estas infraccións penais goza dunha especial dispoñibilidade sobre este, situando nun primeiro plano, por enriba do interese público na represión destes delitos, o interese da vítima.

O perdón do suxeito pasivo ou do seu representante legal extingue, segundo o caso, a acción penal ou a sanción penal imposta. Non obstante, cando o suxeito pasivo sexa un menor ou un incapaz, o órgano xudicial, oído o Ministerio Fiscal, pode rexeitar a eficacia do perdón outorgado polo seu representante. Nestes casos, o órgano xudicial deberá oír novamente ao representante legal do menor ou incapaz. A tutela destas vítimas vese reforzada para impedir que a súa vulnerabilidade se traduza nunha situación de debilidade ante a orde xurídica. Se finalmente se acorda o rexeitamento do perdón outorgado, o órgano xudicial ordenará ben a continuación do procedemento ben o cumprimento da condena.

O perdón só producirá o seu efectivo extintivo se é outorgado, de xeito firme e expreso, antes de que se dite sentenza.

### 1.1.6. A prescripción

A prescripción no ámbito xurídico-penal supón a extinción, polo transcurso do tempo, do dereito do Estado a impoñer unha pena ou a facer executar a xa imposta, procedendo a súa apreciación tanto a instancia de parte como de oficio.

Existe un elevado nivel de acordo doutrinal e xudicial na determinación da razón de ser da prescripción como causa de extinción da responsabilidade criminal, acordo que se articula en torno a criterios como os de seguridade xurídica, o dereito a un proceso sen dilacións indebidas, incremento das dificultades probatorias e a falta de necesidade da pena.

Certa polémica xurdiu en canto á natureza desta institución. De forma maioritaria sostense a súa natureza estritamente penal, do cal se deriva unha importante consecuencia práctica, e é que as modificacións lexislativas dos prazos ou condicións da prescripción serán irretroactivas se prexudican ao reo e retroactivas se o benefician.

O noso Código Penal prevé dúas clases de prescripción:

- a prescripción do delito, é dicir, da acción para perseguilo;
- a prescripción da pena ou da medida de seguridade.

#### 1.1.6.1. A Prescripción do delito ou falta

De conformidade co artigo 131.1 CP, os delitos prescriben:

- Aos vinte anos, cando a pena máxima sinalada ao delito sexa prisión de quince ou máis anos.
- Aos quince anos, cando a pena máxima sinalada pola lei sexa inhabilitación por máis de dez anos, ou prisión por máis de dez e menos de quince anos.
- Aos dez anos, cando a pena máxima sinalada pola lei sexa prisión ou inhabilitación por máis de cinco anos e que non exceda de dez anos.
- Aos cinco anos o resto de delitos. Iso con excepción dos delitos de calumnia e inxurias que prescriben ao ano.

Os delitos de xenocidio, os delitos de lesa humanidade, os delitos contra as persoas e os bens protexidos en caso de conflito armado e os delitos de terrorismo que causen o falecemento da persoa, non prescribirán en ningún caso (artigo 131.4 CP).

Polo que respecta ás faltas, prescribirán aos seis meses (artigo 131.2 CP).

A maioría da doutrina interpreta a expresión «pena sinalada» como equivalente ao marco penal correspondente á infracción, segundo sexa consumada ou atenuada e á forma de participación, sen tomar en consideración as circunstancias xenéricas, pero si os tipos cualificados ou privilexiados.

De conformidade co artigo 132 CP, o prazo de prescrición comezará a computarse dende o día en que se cometese a infracción punible. A doutrina interpretou maioritariamente o artigo 114 CP/73, precedente do actual artigo 132 CP, no sentido de que nos delitos de resultado deberase partir do criterio do resultado, isto é, a prescrición empezárase a computar dende o momento de producirse este. Non obstante, naqueles delitos sen resultado rexerá subsidiariamente o criterio da actividade, debendo atenderse ao momento no que finalice a acción ou no que a omisión sexa punible.

Nos supostos de delito continuado e delito permanente ou naquelas infraccións nas que se esixa a concorrencia da habitualidade, este prazo comezará a computarse ben dende o día en que se realizou a última infracción, ben dende que se eliminou a situación ilícita ou xa ben dende que cesou a conduta.

No delito de tentativa de homicidio, nos delitos de aborto non consentido, nos delitos de lesións, nos delitos contra a liberdade, nos delitos de torturas e contra a integridade moral, nos delitos contra a liberdade ou indemnidade sexuais, nos delitos contra a intimidade, nos delitos contra o dereito á propia imaxe e nos delitos de inviolabilidade do domicilio, cando a vítima fose menor de idade, o prazo de prescrición da infracción penal computárase dende o día que a vítima alcanzase a maioría de idade e, se falecese antes de alcanzala, a partir da data do seu falecemento. Constátase aquí a esencia do principio de protección das vítimas mediante a articulación dun réxime especial no inicio do prazo do seu cómputo cando se trata de vítimas menores de idade, en prol de evitar a impunidade de tales condutas vitimizantes.

A doutrina xurisprudencial precisa que os feitos perseguidos penalmente constitúen delito ou falta, aos efectos de iniciar o cómputo da prescrición, segundo a cualificación que realicen definitivamente os órganos xurisdicionais, e non conforme á pretendida nalgún momento polas partes procesuais.

A presentación da querela ou denuncia ante un órgano xudicial na que se atribúa a unha persoa determinada a súa presunta participación nun feito que poida ser constitutivo de delito ou falta, suspenderá o cómputo da prescrición por un prazo máximo de seis meses –se se imputa un delito– e de dous meses –se se imputa unha falta–. O devandito prazo computárase dende a data de presentación da querela ou da formulación da denuncia. Se dentro dese prazo se dita contra o querelado, denunciado ou calquera outras persoa implicada nos feitos, unha resolución xudicial motivada atribuíndolle a súa presunta participación nos feitos, a interrupción da prescrición retrotráese, a todos os efectos, á data da presentación da querela ou denuncia. En cambio, se dentro dese prazo de seis ou dous meses, respectivamente, recae resolución xudicial firme de inadmisión a trámite da querela ou denuncia ou pola que non se acorde dirixir o procedemento contra a persoa querela ou denunciada, o cómputo do termo da prescrición continuará correndo dende a data de presentación da querela ou denuncia. Iso tamén se producirá se, dentro dos devanditos prazos, o xuíz de instrución non adoptase ningunha das resolucións previstas neste precepto.

#### 1.1.6.2. A prescrición da pena ou da medida de seguridade

A prescrición da pena ou da medida de seguridade leva consigo a súa inexecución polo transcurso dun prazo determinado de tempo que se vai contar dende a súa imposición por sentenza firme ou dende que se interrompeu o seu cumprimento. Esta causa de extinción da responsabilidade criminal ten escasa virtualidade práctica, dado que é realmente estraño que unha vez ditada sentenza esta non sexa posteriormente executada.

De conformidade co artigo 133.1 CP, as penas impostas por sentenza firme prescriben:

- Aos trinta anos, as de prisión por máis de vinte anos.
- Aos vinte e cinco anos, as de prisión de quince ou máis anos sen que excedan de vinte anos.
- Aos vinte anos, as de inhabilitación por máis de dez anos e as de prisión por máis de dez e menos de quince anos.
- Aos quince anos, as de inhabilitación por máis de seis anos e que non excedan de dez, e as de prisión por máis de cinco anos e que non excedan de dez.
- Aos dez anos, as restantes penas graves.
- Aos cinco, as penas menos graves.
- Ao ano, as penas leves.

As penas impostas polos delitos de lesa humanidade, polos delitos de xenocidio, polos delitos contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado e polos delitos de terrorismo que causen o falecemento dunha persoa non prescribirán en ningún caso (artigo 133.2 CP).

A pena á que aquí se está a facer referencia non é a prevista de forma abstracta para o delito, senón a que en concreto se lle impuxo ao condenado na resolución xudicial por cada un dos delitos. En caso de que o cumprimento da pena fose interrompido, haberá que atender ao tempo que efectivamente reste por cumprir. A determinación dos prazos en función da pena imposta por cumprir supón que tamén hai que atender a outras circunstancias que afectan ao cumprimento das penas, como é o caso do aboamento do tempo da prisión provisional ou a redución da súa duración pola vía do indulto parcial.

Existen dúbidas respecto á determinación do prazo de prescrición cando o marco penal previsto para unha infracción comprende varias penas cumulativas ou alternativas. A postura maioritaria propón a aplicación analóxica do criterio establecido para a prescrición do delito, isto é, atender ao prazo de prescrición da pena máis grave.

De conformidade co artigo 134 CP, o prazo de prescrición empeza a computarse dende a data da sentenza firme ou dende o quebrantamento da condena, se esta tivese comezado a cumprirse. Non obstante, no CP vixente non existe ningún precepto que regule cando se entende interrompida a prescrición da pena similar ao artigo 116 CP/1973, coa excepción dos supostos de quebrantamento da condena. A prol de suplir a

devandita carencia, a Fiscalía Xeral do Estado propuxo na súa memoria do ano 2006 unha nova redacción deste artigo ao obxecto de precisar as causas de interrupción da pena. A redacción proposta sería do seguinte tenor: «Quedarán interrompidos o prazo de prescrición cando a condena comece a executarse de calquera das maneiras legalmente previstas, incluída a suspensión, cando se suspenda a súa execución por previsión legal ou en tanto se executan outras condenas que impidan o seu cumprimento simultáneo».

A prescrición das medidas de seguridade regúlase no artigo 135 CP. O seu prazo de prescrición será de dez anos se fosen medidas de seguridade privativas de liberdade superiores a tres anos, en tanto que de cinco anos se fose medida de seguridade privativas de liberdade de duración igual ou inferior a tres anos ou se tratase de medida de seguridade non privativas de liberdade. Este prazo empezará a computarse dende o día en que quedase firme a resolución na que se impuxo a medida ou, en caso de cumprimento sucesivo, dende que debeu empezar a cumprirse. Se o cumprimento dunha medida de seguridade fose posterior ao dunha pena, o devandito prazo se empezará a computar dende a extinción desta última. Ao igual que vimos con relación á prescrición das penas, non se contemplan causas de interrupción nin de suspensión.

## **2. A Cancelación dos antecedentes penais**

O artigo 252 da Lei de axuízamento criminal establece que os tribunais remitirán directamente ao Rexistro Central de procesados e penados, dependente do Ministerio de Xustiza, notas autorizadas das sentenzas firmes nas que impoñan algunha pena pola comisión dun delito, no pola comisión dunha falta. O conxunto de penas que quedan inscritas no precitado Rexistro constitúen os antecedentes penais dos suxeitos. Os efectos xurídicos penais dos antecedentes son plurais:

### **Efectos penais**

- Condicionan a apreciación da circunstancia agravante de reincidencia (artigo 22.8 CP).
- Condicionan a suspensión da execución da pena e a substitución das penas de prisión (artigos 81 e 88 CP).
- A cualificación do autor como delincuente habitual (artigo 94 CP)

### **Efecto procesual-penal**

- A existencia de antecedentes penais terá sido en conta para a adopción da medida preventiva de prisión provisional (artigo 503 da Lei de axuízamento criminal)

### **Efectos extrapenais**

- A presentación dunha certificación negativa de antecedentes penais é esixido para a expedición de permisos de residencia ou permiso de traballo en España, para participar nos procesos selectivos de

persoal para a Administración de Xustiza ou para o ingreso nas diferentes escalas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, entre outros.

Polo tanto, aínda xa extinguida a responsabilidade criminal determinados efectos derivados da imposición dunha sentenza condenatoria seguen proxectándose sobre a persoa dificultando o seu proceso de resocialización. Neste senso, no artigo 136 CP e no Real Decreto 95/2009, do 6 de febreiro, artículásen o presuposto, os requisitos e o procedemento para a cancelación dos antecedentes penais e todos os seus efectos.

## **2.1. Os requisitos para a cancelación dos antecedentes penais**

O artigo 136 CP dispón que os condenados que extinguisen a súa responsabilidade criminal teñen dereito a obter do Ministerio de Xustiza, de oficio ou a instancia de parte, a cancelación dos seus antecedentes penais, previo informe do xuíz ou tribunal sentenzador. Trátase, polo tanto, dun dereito recoñecido a todo condenado, sempre e cando concorran determinados requisitos que son regulados no parágrafo segundo deste mesmo precepto penal. Non obstante, só será preciso acudir a un procedemento de cancelación de antecedentes penais cando a extinción da responsabilidade criminal teña lugar polo cumprimento da condena, pola remisión da pena suspendida ou pola prescrición da pena ou da medida de seguridade. O resto de causas extintivas –a morte do reo, o perdón do ofendido e a prescrición do delito ou da falta– comportan a cancelación absoluta e directa de todos os efectos, ao non precisar a existencia dunha condena previa.

A extinción da responsabilidade criminal é, por tanto, condición necesaria, pero non suficiente. A este presuposto previo, engádense os seguintes requisitos:

- ▶ ter satisfeitas as responsabilidades civís derivadas da comisión da infracción penal. O cumprimento deste requisito queda exceptuado nos supostos de insolvencia declarada polo xuíz ou o tribunal sentenzador, salvo que mellorase a súa situación económica. Non obstante, no caso previsto no artigo 125 CP será suficiente con que o reo se atope ao corrente dos pagamentos fraccionados –exclusivamente no que afecta á responsabilidade civil– que lle fosen sinalados polo xulgador e presta, a xuízo deste, garantía suficiente con respecto á cantidade aprazada.
- ▶ Ter transcorrido, sen delinquir de novo o culpable, os seguintes prazos:
  - Seis meses para as penas leves
  - Con respecto ás penas menos graves hai dous prazos:

- dous anos para as penas que non excedan dos doce meses ou as impostas por delitos imprudentes;
- tres anos para as restantes penas menos graves.
- Cinco anos para as penas graves.

Estes prazos comezarán a computarse dende o día seguinte a aquela no que quedase extinguida a responsabilidade criminal. Mais se esta se producise por remisión condicional, este prazo, unha vez obtida a remisión definitiva, computarase retrotraéndoo ao día seguinte a aquel en que tivese quedado cumprida a pena se non se tivese gozado da suspensión da súa execución. Neste caso, tomarase como data inicial para o cómputo da duración da pena o día seguinte ao do outorgamento da suspensión.

O procedemento para a cancelación dos antecedentes penais regúlase no Real Decreto 95/2009, do 6 de febreiro. O sistema establecido con carácter xeral para a cancelación de antecedentes penais ten natureza mixta, con intervención tanto de autoridades administrativas coma das xudiciais.

A cancelación das inscricións practícarase de oficio, a instancia do interesado, ou por comunicación do órgano xudicial. Corresponde ao Ministerio de Xustiza resolver o procedemento para a cancelación das inscricións, calquera que sexa a forma de iniciación do procedemento.

As inscricións de antecedentes penais nas distintas Seccións do Rexistro Central de Penados e Rebeldes non serán públicas. Durante a súa vixencia só se emitirán certificacións coas limitacións e garantías previstas nas súas normas específicas e nos casos establecidos pola Lei. En todo caso, libranse as que soliciten os xuíces ou tribunais, refíranse ou non as inscricións canceladas, facendo constar expresamente, de ser o caso, esta última circunstancia. Esta previsión non ten unha explicación moi coherente, se temos en conta que o artigo 136.5 CP, como vimos con anterioridade, ordena ao xuíz ou tribunal non ter en conta os antecedentes penais non cancelados que deberían selos. Dende o punto de vista resocializador, que é o principio inspirador da institución de cancelación de antecedentes penais, non se entende que se poida obter información sobre os antecedentes xa cancelados.

A cancelación rexistral dará lugar a eliminación dos datos de carácter persoal, sen prexuízo do disposto no artigo 19.3 do Real Decreto 95/2009, -que prevé a conservación da información relativa ás inscricións canceladas nunha sección especial e separada a disposición unicamente dos xulgados e tribunais españois- así como daqueles que resulten necesarios para que sexa posible a elaboración das estatísticas a que fai referencia o artigo 27 de dito Real Decreto.

## **2.2. A cancelación das anotacións das medidas de seguridade**

Por último, o artigo 137 CP regula a cancelación das anotacións das medidas de seguridade. Esta realizarase unha vez cumprida ou prescrita a medida sen necesidade de requisito adicional ningún, a diferenza dos visto

anteriormente. Interesa destacar, novamente, que é incorrecta a relación que aquí se presume entre a extinción da responsabilidade criminal e a cancelación de anotacións de medidas de seguridade impostas, xa que estas non se fundamentan na responsabilidade criminal, senón na perigosidade do suxeito.

Mentres non se cancele a súa inscrición, as medidas só figurarán nas certificacións que o Rexistro expida con destino a xuíces ou tribunais ou autoridades administrativas, nos casos establecidos pola lei.

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS**

---

Como xa salientamos no apartado relativo aos principios metodolóxicos, a metodoloxía clásica de ensino-aprendizaxe será complementada coa aprendizaxe baseada en casos prácticos.

Unha vez rematada a introdución teórica –cuxa duración será dunha hora–, poñerase á disposición do alumnado unha serie de supostos prácticos nos que se relatarán feitos xa previamente abordados polos nosos tribunais, co obxecto de adecuar os coñecementos teóricos adquiridos na sesión teórica á práctica xurisprudencial. Xunto co caso, achegaranse unhas preguntas guía que incidirán nas cuestións máis controvertidas tanto doutrinal coma xurisprudencialmente. Asemade, indicaráselles o material complementario necesario para abordar satisfactoriamente a materia obxecto de estudo. Este material estará conformado por unha selección da xurisprudencia máis representativa, así como dunha listaxe de referencias bibliográficas (monografías, revistas científicas, etc.) e de enderezos de internet. Para a súa realización, o alumnado será organizado en grupos dun máximo de cinco compoñentes cada un deles.

Finalmente, terá lugar a sesión práctica en si –para cuxa realización deberá ter transcorrida unha semana dende que tivo lugar a introdución teórica–, que se estenderá por unha duración máxima de dúas horas. Esta sesión práctica constará de dúas fases: a) a primeira a realizar na aula (sesión oral), na que os grupos de traballo exporán as súas respostas a cada unha das preguntas guía, incentivándose polo profesor a súa intervención e a confrontación das distintas formulacións. Con isto perséguese, fundamentalmente, o desenvolvemento da súa capacidade argumentativa, ao propio tempo que lles permite avaliar, por si mesmos, o seu grao de comprensión da materia estudada; b) a segunda fase consistirá na entrega dun informe, na forma e prazos establecidos, no que constará a resolución do suposto práctico con cita expresa da doutrina e xurisprudencia na que fundamentaron as súas respostas.

## **AVALIACIÓN**

---

Os contidos da presente unidade didáctica non serán obxecto de exame escrito. A realización satisfactoria das actividades propostas

computarase conxuntamente coas prácticas a realizar nas restantes unidades didácticas, que suporán o 30% da nota global final.

Polo que respecta á concreta valoración das actividades que se van a realizar no marco desta unidade didáctica teranse en conta o grado de asimilación dos conceptos teóricos e a capacidade para a aplicación práctica de tales coñecementos. Máis especificamente, na resolución do caso práctico terase en conta a capacidade e coherencia argumentativa, o axeitado emprego da linguaxe técnica, a bibliografía e xurisprudencia manexada, a identificación das cuestións problemáticas e as solucións achegadas. No debate valorarase a súa participación, os razoamentos empregados así como a capacidade contra-argumentativa.

## **BIBLIOGRAFÍA**

---

- COBO DEL ROSAL, Manuel (1999): *Comentarios al Código penal*, Madrid: Edersa.
- CONDE-PUMPIDO TOURÓN, Cándido e LÓPEZ BARJA DE QUIROGA, Jacobo (2007): *Comentarios al Código penal*, Barcelona: Bosch.
- CORCOY BIDASOLO, Mirentxu / MIR PUIG, Santiago (2011): *Comentarios al Código Penal: reforma LO 5/2010*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- CÓRDOBA RODA, Juan / GARCÍA ARÁN, Mercedes (2011): *Comentarios al Código Penal. Parte General*, Madrid: Pons.
- GARCÍA ARÁN, Mercedes (1997): *Fundamentos y aplicación de penas y medidas de seguridad en el Código penal de 1995*, Navarra: Aranzadi.
- GARCÍA VICENTE, Francisco e outros (1998): *Responsabilidad civil, consecuencias accesorias y costas procesales, extinción de la responsabilidad criminal*, Barcelona: Bosch.
- GÓMEZ TOMILLO, Manuel (2011): *Comentarios al Código Penal*, Valladolid: Lex Nova.
- GRACIA MARTÍN, Luis / BOLDOVA PASAMAR, Miguel Ángel / ALASTUEY DOBÓN, Carmen (2006): *Tratado de las consecuencias jurídicas del delito*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- LANDROVE DÍAZ, Gerardo (2005): *Las consecuencias jurídicas del delito*, Madrid: Tecnos.
- MAPELLI CAFFARENA, Borja (2005): *Las consecuencias jurídicas del delito*, Navarra: Thomson-Civitas.
- MIR PUIG, Santiago (2008): *Derecho penal. Parte general*, Barcelona: Reppertor.
- MUÑOZ CONDE, Francisco (2007): *Teoría general del delito*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- e GARCÍA ARÁN, Mercedes (2010): *Derecho penal. Parte General*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- ORTS BERENGUER, Enrique / GONZÁLEZ CUSSAC, José Luis (2011): *Compendio de Derecho penal. Parte general*, Valencia: Tirant lo Blanch.

- QUINTERO OLIVARES, Gonzalo, coa colaboración de MORALES PRATS, Fermín (2011): *Comentarios al Código Penal*, Navarra: Thomson-Aranzadi.
- RODRÍGUEZ RAMOS, Luis (2010): *Compendio de Derecho penal. Parte general*, Madrid: Dykinson.
- ROCA AGAPITO, Luis (2007): *El sistema de sanciones en el derecho penal español*, Barcelona: Bosch.
- VAELLO ESQUERDO, Esperanza (2010): *Las consecuencias jurídicas del delito*, Alicante: Universidad de Alicante.





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade



Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

